

# o camiño cara a emigración de Rosalía



o inicio da viaxe



2º adeus: a hortiña



3º adeus: camiño entre o millo




1º adeus: a fonte e o regato



4º adeus: figueiriña



5º adeus: igrexiña, campaniña e noites craras de luar



Propoñemos o percorrido polas estrofas do coñecido poema de Rosalía de Castro "Adios ríos, adios fontes" a través da escenificación dalgúns dos diferentes elementos que van aparecendo nas mesmas. Emprendemos, da man de Rosalía, a viaxe, xa botando de menos o que aínda podemos ver de camiño ao peirao do porto.

Suxerimos que o percorrido se faga portando unhas maletas cos enseres básicos da persoa emigrada. Facemos referencia no xardín aos regatos e fontes; á hortiña, ás figueiras que a autora plantou, aos castañares, á igrexa da súa aldea, ás campaniñas timbradoras e ao luar. O visitante pasará entre plantacións de millo e entre silveiras con amoras, e de tal forma sentirá que está a vivir o recordo da poeta ao apartar destas para pasar e proseguir co paseo... coa viaxe.

O visitante contemplará sentado o partir dos familiares, dos amigos, da parella... da xente que tanto quere, porque a emigración é dura para os que se van pero tamén para quen deixan aquí.



6º adeus: silveiras e amoras

*Adiós, ríos; adiós, fontes; adiós, regatos pequenos; adiós, vista dos meus ollos: non sei cando nos veremos.*

*Miña terra, miña terra, terra donde m'eu criei, hortiña que quero tanto, figueiriñas que prantei,*

*Prados, ríos, arboredas, pinares que move o vento, paxariños piadros, casiña d'o meu contento,*

*Mulño dos castañares, noites craras de luar, campaniñas timbradoras da igrexiña do lugar,*

*Amoriñas das silveiras que eu lle daba ó meu amor, camiño entre o millo, jadiós, para sempre adios!*

*¡Adiós grom! ¡Adiós contenta! ¡Deixo a casa onde nacín, deixo a aldea que canso por un mundo que non vin!*

*Deixo amigos por estraños, deixo a veiga polo mar, deixo, en fin, canto ben quero... ¡Quen pudiera non deixarl!...*

*Mais son probe e, ¡mal peccadol, a miña terra n'é miña, que hasta lle dan de prestado a beira por que camiña ó que naceu desdichado.*

*Téñovos, pois, que deixar, hortiña que tanto ameí, fogueiriña do meu lar, arboriños que prantei, fontaña do cabañal.*

*Adios, adios, que me vou, herbiñas do camposanto, donde meu pai se enterrou, herbiñas que biquei tanto, terriña que nos criou.*


*Adios Virxe da Asunción, branca como un serafín; lévovos no corazón: Pedídelle a Dios por min, miña Virxe da Asunción.*

*Xa se oien lonxe, moi lonxe, as campanas do Pomar; para min, ¡ai!, coitadiño, nunca máis han de tocar.*


*Xa se oien lonxe, máis lonxe Cada balada é un dolor; voume soio, sin arrimo... Miña terra, jadios!, jadios!*

*¡Adios tamén, queridiña!... ¡Adios por sempre quizais!... Digoche este adios chorando desde a beiriña do mar.*


*Non me olvides, queridiña, si morro de soídás... tantas légoas mar adentro... ¡Miña casiña!, ¡meu lar!*



7º adeus: deixar aos seres queridos... os que se van... os que se quedan...




8º adeus: deixar a terra firme pola incerteza e o abismo do mar



- 0 inicio
- 1 fonte e regato
- 2 horta
- 3 camiño entre o millo
- 4 figueira
- 5 igrexa + campaniña + luar
- 6 silveiras + amoras
- 7 xardineira con banco
- 8 peirao de embarque
- 9 camiño de saída - volta ao inicio?

Planta da proposta para a parcela nº 7



O xardín conducirá ao visitante emigrante ata o peirao onde embarcará cara a súa nova vida. É este un lugar no que pensamos que o visitante verá representado o derradeiro paso que dará en terra firme antes de embarcar, de xeito que reflexione sobre todo o percorrido ata alí, á fronte da inmensidade do mar que o levará rumbo ao descoñecido. Ao mesmo tempo, veráse reflectido en varios espellos para ollar tamén cara o que deixa atrás, cara el mesmo, xa que parte da súa identidade quedará sempre ligada a esa paisaxe que deixa.

A partir deste punto, o visitante finalizará o percorrido do xardín, onde atopará unha imaxe da poeta e chegará ao remate do mesmo sendo consciente de que volve estar no punto do que saíu. Desandando o camiño que o conduciu ata terras descoñecidas poderá voltar de novo cara a esa paisaxe que deixa.

Agardamos que o traxecto a través do xardín sexa vivida polos visitantes cunha forte reflexión sobre a emigración e que poidan, por uns intres, sentirse protagonistas dela.



equipa Arquiteras

derradeiro adeus: adeus para sempre?